



Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a empresa Viguesa de Transportes, SA, como contratista do transporte urbano municipal, para a integración do Concello de Vigo na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas á mesma na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

Vigo, 1 de xullo de 2016

REUNIDOS

Ethel M^a Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, en nome e representación da Consellería

Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, en nome e representación do referido concello.

Juan Carlos Villarino Tejada, actuando en nome e representación da empresa Viguesa de Transportes, SA (VITRASA, en adiante), en virtude da escritura de poder do 8 de abril de 2016 outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de Madrid, Javier Navarro-Rubio Serres.

Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

1.- Con data do 4 de marzo de 2015, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (actualmente Consellería de Infraestruturas e Vivenda) e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior asinaron un convenio de colaboración mediante o que se creou a Área de Transporte Metropolitano de Vigo (en adiante ATM), para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano na devandita área (en adiante, Convenio Marco).

O Plan de Transporte Metropolitano da ATM contén de xeito detallado todas as prescricións técnicas a desenvolver na área, de modo que, a través do Convenio Marco, as partes asinantes declaran o seu acordo de vontades na implementación e desenvolvemento deste. De xeito xenérico, as administracións participantes pretenden potenciar de forma específica a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

2.- No Convenio Marco establécese a posibilidade de novación subxectiva coa integración de novos concellos. Neste caso, tal e como se recolle na disposición sexta- extinción, modificación e novación, as partes asinantes manifestan o seu interese pola extensión do programa tarifario coa integración do Concello de Vigo e o seu transporte urbano, e a despenalización do transbordo entre a rede metropolitana e a urbana, de tal xeito que asumen expresamente a integración do Concello de Vigo na



ATM. Este interese compartido foi ratificado por acordo da Comisión de Seguimento do indicado Convenio, na súa sesión celebrada o 30 de xuño de 2016.

Xa que logo, asumindo a vontade dos concellos da ATM na integración do concello de cabeceira (Vigo) prevista no propio Convenio Marco, toda vez que o Concello de Vigo manifestou a súa vontade de integrarse na ATM, a materialización desta integración esixe a sinatura dun acordo entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Vigo.

3.- Un dos eixos de actuación prioritarios contidos no Convenio Marco asinado é o programa tarifario. Este programa supón un abaratamento considerable das tarifas, a través do establecemento dun novo sistema tarifario (sistema tarifario zonal), e a integración tarifaria das redes de transporte concorrentes, urbana e metropolitana, coa conseguinte despenalización do transbordo.

A implantación do programa tarifario require que os medios de transporte que prestan os seus servizos no eido do Plan de Transporte Metropolitano contén con máquinas de cancelación homologadas para o seu funcionamento dentro do Plan de Transporte Metropolitano, habilitadas para a utilización da Tarxeta Metropolitana de Galicia (en diante TMG) e tarxetas integradas no sistema.

Estes medios de pagamento permiten acceder ao sistema de bonificacións tarifarias do transporte (fundamentalmente tarifas zonais, transbordo e descontos por familias numerosas) e, ao mesmo tempo, contribúen á interconexión entre as redes de transporte urbano e interurbano, de xeito que se configuran como medios válidos de pagamento en ambas as dúas redes.

Xa que logo, cómpre establecer o sistema de compensacións respecto do operador do transporte urbano da cidade de Vigo, o que igualmente se efectúa neste convenio.

4.- A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, órgano da Administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos e interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público. O artigo 19 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (LOTT) prevé a posibilidade de establecemento de tarifas a cargo do usuario máis baixas das que resultarían da aplicación das previsións xerais da Lei, establecéndose un réxime especial de compensación económica ou doutras fórmulas de apoio ás correspondentes empresas por parte das Administracións afectadas ou interesadas.

5.- O concello de Vigo ten as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.

6.- A empresa VITRASA é a contratista da prestación do servizo de transporte urbano en virtude do establecido no contrato da concesión administrativa do servizo público regular do transporte urbano



colectivo de viaxeiros en autobuses de uso xeral nos límites do Concello de Vigo, adxudicado consonte co acordo plenario do 16 de setembro de 1994.

De conformidade con todo o exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación, é vontade das partes relacionadas no encabezamento formalizar a integración do Concello de Vigo no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e os mecanismos de actuación conxunta para a plena implantación das tarxetas integradas no eido do Plan de Transporte Metropolitano na ATM de Vigo, e a súa conexión co transporte urbano da cidade, para o que formulan o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto formalizar a integración do Concello de Vigo na ATM de Vigo, nos termos e nas condicións establecidas no Convenio Marco e nas súas modificacións.

Igualmente, no presente convenio fíxanse as bases de cooperación entre as partes asinantes para a plena implantación das tarxetas integradas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na ATM de Vigo, e a integración do transporte urbano da cidade.

Segunda.- Definicións básicas

Coa finalidade de homoxeneizar conceptos e facilitar a implantación dun sistema de compensación común establécense as seguintes definicións:

Tarxetas de pagamento integradas: medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte dentro do Plan de Transporte Metropolitano, debendo establecerse o sistema de compensacións entre as diferentes administracións en virtude dos acordos reflectidos en diferentes convenios, tendo esta consideración a TMG e aquelas outras tarxetas que, emitidas ou promovidas por outras Administracións, sexan incorporadas ao sistema de Transporte Metropolitano de Galicia.

Toda vez que o Concello de Vigo desexa integrar a súa propia tarxeta no sistema de transporte metropolitano de Galicia, a Dirección Xeral de Mobilidade aprobará dita integración logo da súa homologación tecnolóxica.

Igualmente, con anterioridade á posta en operativa de novas tarxetas no sistema de transporte metropolitano de Galicia, logo da súa homologación e da adopción dos correspondentes acordos administrativos, a Dirección Xeral de Mobilidade comunicarlle ao Concello de Vigo a súa admisión. Actualmente xa son tarxetas integradas a TMG, a Tarxeta Millenium do Concello da Coruña e a Tarxeta Cidadá de Lugo.

Viaxe urbana: desprazamento realizado dentro da rede urbana. Pode estar constituído por unha ou por varias etapas, con base nas regras de transbordo fixadas polo servizo urbano. As compensacións da Xunta de Galicia respecto do servizo urbano realízanse pola primeira etapa urbana que forme parte dunha viaxe interurbana.



Viaxe interurbana: desprazamento realizado cunha ou varias etapas, das que algunha se produce en modos diferentes ao urbano. Unha viaxe urbana pode ou non formar parte dunha viaxe interurbana; e unha viaxe interurbana pode ou non incluír unha viaxe urbana.

Terceira.- Condicións de integración do Concello de Vigo na ATM de Vigo

1. No documento Anexo a este convenio de colaboración e como parte integrante deste, reflíctense os seguintes aspectos:

- Financiamento dos compromisos asumidos polas partes: Indícanse as contías que consonte co previsto no Convenio Marco, corresponderá achegar ao Concello de Vigo; as achegas que corresponden á administración autonómica faranse no ámbito dos compromisos previstos xa no indicado Convenio Marco.
- Distribución do voto ponderado na Comisión de Seguimento logo da incorporación como novo membro do Concello de Vigo: opera nos termos establecidos no Convenio Marco, na estipulación cuarta (comisión de seguimento), punto terceiro (Operatividade).
- Mapa zonal e a matriz de saltos relativa ao programa tarifario actualmente vixente.

2. Coa formalización deste convenio, o Concello de Vigo, intégrase nos programas vixentes no Plan de Transporte Metropolitano na ATM de Vigo nas condicións e termos establecidos no Convenio Marco e nos acordos e resolucións concretos que o desenvolvan e que son coñecidos polas administracións partícipes no plan.

Cuarta.- Obrigas do Concello de Vigo

As regras xerais de liquidación das achegas que corresponden ao concello son as establecidas no Convenio Marco.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a achega do Concello correspondente ao exercicio 2016 efectuarase no exercicio 2017, logo da comunicación por parte da Dirección Xeral de Mobilidade da liquidación do exercicio 2016, con base nos datos reais procesados polo sistema informático de xestión do Plan de Transporte Metropolitano (SITME). O Concello comprométese ao ingreso da contía correspondente no prazo de 2 meses dende a recepción da devandita comunicación.

Quinta.- Obrigas do operador urbano

1. A empresa VITRASA obrígase a remitir ao sistema informático de xestión do Plan de Transporte Metropolitano (SITME) a información diaria de tódalas cancelacións realizadas con Tarxetas de Pagamento Integradas que podan xerar compensacións entre administracións. Os datos serán remitidos de luns a venres laborables e referidos ao día ou período anterior desde a última colecta.

O non cumprimento da obriga determinará que a colecta non remitida en prazo será rexeitada polo sistema, coas consecuencias económicas previstas no acordo co Comité Galego de Transportes por Estrada de marzo de 2009. Non obstante, non se aplicará esta penalización no suposto no que a

empresa VITRASA se retrase en non máis de 7 días na remisión dos datos ao SITME, sempre que esta circunstancia non sexa reiterada.

2. Unha vez procesadas as colectas no SITME, estas serán remitidas á entidade bancaria colaboradora para a súa validación. No caso de que non sexa validada a colecta, o operador debe corrixir os erros detectados.

Sexta.- Sistema de compensación

1. Unha vez que as colectas das viaxes remitidas son procesadas polo sistema informático de xestión do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia (SITME) e validadas pola entidade bancaria colaboradora, o procedemento de liquidación tarifaria das viaxes realizadas empregando como medio de pagamento as tarxetas integradas é o que se indica de seguido:

a. Cunha periodicidade quincenal a entidade bancaria colaboradora transfire ao operador a contía procedente dos saldos descontados nas tarxetas integradas.

b. Cunha periodicidade mensual, o operador percibe as compensacións por parte da Xunta de Galicia ata acadar o nivel de compensación acordado. A compensación realízase por viaxe urbana sobre a base das regras de transbordo que aplique o contratista urbano e será polo importe que en cada caso teña vixente o bono xeral aprobado polo Concello e comunicado nos prazos previstos no punto 4 desta estipulación.

3. A fórmula de funcionamento do sistema cara ao operador urbano será a seguinte:

Por Transbordos: polas viaxes urbanas que forman parte dunha viaxe interurbana. Paga o produto entre o número de viaxes urbanas pagadas con Tarxetas de Pagamento Integradas e a tarifa de referencia (billete bonificado de uso xeral) menos o obtido nas colectas destes billetes.

$$CXU_{TRANSBORDO TI} = [V_{TI} \times \text{Precio Bonobús}] - [\text{Ingresos Coletas}]$$

Onde:

$CXU_{TRANSBORDO TI}$: Compensación efectuada pola Xunta de Galicia ao Urbano polas viaxes urbanas que resultan do transbordo dentro dunha viaxe interurbana e que foi pagado cunha Tarxeta Integrada.

V_{TI} : Viaxes con dereito a compensación da Xunta realizadas con Tarxetas de Pagamento Integradas. Unha viaxe urbana pode estar constituída por unha ou varias etapas sobre a base do tratamento do transbordo que dea o concello.

Prezo bono xeral: Prezo de referencia do bono xeral no urbano da cidade.

Ingresos Colectas: Ingresos percibidos nas cancelacións realizadas coa tarxetas de pagamento integradas diferentes á do urbano.



4. No caso de Vigo o prezo de compensación de referencia é o da tarxeta de transporte ordinaria xeral, que actualmente é de 0,86 €. O Concello de Vigo ten a competencia para actualizar e revisar esta tarifa. O Concello de Vigo comprométese a dar traslado á Dirección Xeral de Mobilidade dos seus acordos de modificación desta tarifa no prazo máis breve posible e, en todo caso, cunha antelación de 7 días á súa aplicación.

5. A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación interurbanos estarán sometidos ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Vivenda consonte coas Ordes de incrementos tarifarios.

Sétima.- Sistema tecnolóxico do transporte urbano de Vigo

1. O concello de Vigo e VITRASA asumen o compromiso de homologar o actual sistema de cancelación para o seu funcionamento no Plan de Transporte Metropolitano, e manter un sistema compatible co sistema de pagamentos do transporte público de Galicia e a tarxeta metropolitana sen contactos, durante a vixencia do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo e, no seu caso, as súas prórrogas, aínda no suposto de substitución futura dos actuais equipamentos.

2. O concello de Vigo e VITRASA, comprométese a non introducir ningún tipo de alteración no software homologado instalado nas máquinas para o funcionamento no sistema tarifario do Plan de Transporte Metropolitano sen a conformidade expresada con antelación pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda; expresamente establécese o compromiso de non introducir ningún tipo de modificación que facilite a alteración ou manipulación da transmisión de información a través do sistema en menoscabo da súa plena seguridade.

Oitava.- Crédito orzamentario

Sen prexuízo do establecido na estipulación cuarta deste convenio, e para a normal execución das obrigas previstas, referentes ao programa de integración tarifario, a Xunta de Galicia dispón de crédito orzamentario suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.512A.470.1.

As administracións públicas comprométense a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o establecido no indicado Convenio e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados en execución do mesmo.

Novena.- Vixencia

O presente convenio subscríbese no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo, asinado o 4 de marzo de 2015 (Convenio Marco). Do mesmo xeito que se establece no Convenio Marco, o presente Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019.

No suposto de que o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo sexa prorrogado, o presente convenio tamén se entenderá



prorrogado, salvo denuncia expresa das partes comunicada por escrito con 3 meses de antelación a que opere a devandita prórroga.

Á extinción do convenio de colaboración deixarán de ter aplicación a totalidade de previsións contidas no mesmo, debendo aterse a explotación dos servizos contractuais, de xeito estrito, ás vixentes previsións do propio título contractual.

O convenio de colaboración poderá ser obxecto de modificación ou novación obxectiva mediante acordo ao respecto das partes asinantes; en todo caso, a anterior esixencia de concorrencia de vontades nin constituirá renuncia nin será limitativa das facultades ou potestades que ás administracións públicas lles competen no exercicio de potestades públicas legal ou regulamentariamente establecidas. Sen prexuízo do anterior, a modificación daqueles aspectos que non se refiran a compromisos asumidos directamente polo operador de transporte urbano da cidade de Vigo, poderán ser acordados bilateralmente entre a Xunta e o Concello de Vigo.

Adicionalmente ás regras establecidas nos parágrafos anteriores, o presente convenio poderá ser obxecto de denuncia expresa por calquera das Administracións asinantes deste, comunicada por escrito cun mes de antelación, no suposto de que o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo non sexa aprobado antes do mes de setembro de 2016.

Décima.- Réxime xurídico

O presente Convenio de colaboración subscríbese no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo.

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e no Título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ao presente Convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das Administracións Públicas, segundo o disposto no artigo 4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

Décimo primeira.- Publicación

Este convenio será obxecto de publicación nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno de Galicia e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. Esténdese un exemplar por triplicado, no lugar e data arriba indicados



XUNTA DE GALICIA



transporte público
de Galicia
metropolitano

galicia

Pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Polo concello de Vigo

Por Vignosa de Transportes, SA



ANEXO

1.- TARIFAS ACTUAIS DO TRANSPORTE METROPOLITANO

Nº. Saltos	Billete Sinxelo	Tarxeta TMG	
		Prezo Ata 40 Viaxes	Frecuente máis de 40 viaxes
0 *	1,32 €	0,86 €	-
0	1,50 €	0,85 €	0,72 €
1	1,50 €	0,85 €	0,72 €
2	2,20 €	1,30 €	1,10 €
3	2,80 €	1,84 €	1,56 €
4	3,45 €	2,24 €	1,90 €
5	4,95 €	3,13 €	2,66 €
6	5,65 €	3,68 €	3,13 €

* Viaxes no transporte urbano da cidade da Vigo

2. ESTIMACIÓN ECONÓMICA DA INTEGRACIÓN

Concello	2016	2017	2018	2019
Vigo	2.457 €	5.086 €	5.264 €	5.449 €

¹As achegas correspondentes ao ano 2016 axustáronse proporcionalmente aos meses de vixencia do plan nese período (6 meses).

²Participación no programa tarifario polos tráfico interiores no concello de Vigo realizados no marco dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte da competencia da Xunta de Galicia. Este importe non inclúe a achega indirecta do concello de Vigo na xestión dos transbordos derivada da diferenza de prezo entre o bono ordinario e o nivel de compensación ao seu contratista urbano, estimada inicialmente en 246.847 euros anuais

3. VOTO PONDERADO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO


Concello	Poboación*	Votos**
Baiona	12.072	2
Cangas	26.520	3
Fornelos de Montes	1.794	1
Moaña	19.492	3
Mos	15.305	2
Nigrán	17.619	2
O Porriño	18.898	3
Pazos de Borbén	3.067	1
Redondela	29.697	3
Salceda de Caselas	8.873	2
Salvaterra de Miño	9.619	2
Soutomaior	7.317	2
Vigo	294.098	24
Total	464.371	50

*Fonte: IGE. Datos do Padrón municipal de habitantes 2015.

** Garántese un mínimo dun voto a cada concello.



4. MAPA ZONAL



5. MATRIZ DE SALTOS

Número de Saltos entre Zonas de Transporte

	P-Mor0	P-Mor1	P-Vig0	P-Vig1	P-Vig2	P-Vig3	P-Vig4	P-Vig5	P-Vig6	P-Vig7	P-Vig8
P-Mor0	0	1	2	4	2	5	5	3	5	6	6
P-Mor1	1	0	2	3	1	4	4	2	4	5	5
P-Vig0	2	2	0	1	1	2	2	2	2	3	3
P-Vig1	4	3	1	0	1	1	3	3	3	4	4
P-Vig2	2	1	1	1	0	3	1	1	1	2	2
P-Vig3	5	4	2	1	3	0	4	4	4	5	5
P-Vig4	5	4	2	3	1	4	0	2	4	5	1
P-Vig5	3	2	2	3	1	4	2	0	1	2	5
P-Vig6	5	4	2	3	1	4	4	1	0	1	5
P-Vig7	6	5	3	4	2	5	5	2	1	0	6
P-Vig8	6	5	3	4	2	5	1	5	5	6	0